

A PEOR PERSOA DO MUNDO

903

Joachim Trier, 2021

ESTREA EN NUMAX: 11.03.2022 | V.O.S.G. | +18

Julie vai cumprir os trinta e a súa vida é un desastre existencial. Xa desperdiçou parte do seu talento e o seu mozo Aksel, un novelista gráfico con éxito e maior ca ela, insístelle en que conteña a súa enerxía creativa e sente a cabeza. Unha noite cóase nunha festa e coñece o novo e encantador Eivind. Tardará pouco en romper con Aksel e embarcarse nunha nova relación coa esperanza de que a súa vida adquira unha nova perspectiva. Porén, terá que decatarse de que xa é demasiado tarde para certas opcións vitais.

«Dá a sensación de que Julie é unha desas protagonistas que serán admiradas e adoradas por moitos durante moito tempo»

Iana Murray, THE PLAYLIST



Entrevista con Joachim Trier: «É con Sjöström, Dreyer e Bergman cos que os países nórdicos acadamos recoñecemento»

Por Jan Lumholdt

Cal dos tres personaxes principais se che ocorreu primeiro e quen é realmente a peor persoa do mundo? En realidade, os primeiros foron Julie e Aksel e a súa relación. Aksel foi un personaxe doado de escribir para min e para Eskil Vogt. Ao igual ca el, sono tipos de corenta anos e a través del podiamos ser autocríticos, pero tamén abordar problemas máis serios como a perda de tempo e identidade. Logo descubrimos de xeito gradual que Julie era a máis importante. As súas experiencias e emocións están conectadas con moitos problemas cos que nos sentimos identificados: ter ou non ter fillos, sentirse adulta ou non e outros problemas existenciais. Até que aparece Eivind e pon todo patas arriba. Ao remate do día os tres séntense como a peor persoa do mundo.

Cres que o filme tería sido diferente de non ter sido escrito por dous homes? Iso deben dicilo outros. Hai situacións no filme que tratan sen dúbida sobre unha muller no mundo actual. En calquera caso sempre escribo personaxes cos que non teño obriga de identificarme. Por sorte.

É unha historia específica de Noruega ou podería estar ambientada en calquera lugar? A cidade de Oslo é moi concreta. A beleza da noite en St. Hanshaugen Park... Teño a certeza de que isto é algo moi concreto e especial. (...) Creo que, dalgún xeito a contorna se filtra no noso ADN, sen importar canto tratemos controlar as cousas. Recentemente, codirixín un documental sobre Edvard Munch con Karl Ove Knausgaard. Resultoume estraño que Karl Ove comparase as imaxes de Munch co meu cinema, atopando certas similitudes. E o que é aínda máis estraño, entendín o que quería dicir.

Poderíamos dicir que A peor persoa do mundo é a terceira parte dunha triloxía que comezaches con *Reprise* (2006) e *Oslo, 31 de agosto* (2011)? Cada vez teño máis ganas de facer unha cuarta parte. Talvez dentro de dez anos. Moi probablemente.

Este ano Eskil Vogt está presente en Cannes co seu propio filme, *The Innocents*. Ademais de ter coescrito todos os teus filmes, tamén é amigo da infancia verdadeira? Coñecémonos desde que queramos adolescentes. Ironicamente, a nosa primeira película xuntos trataba sobre dous amigos con aspiracións literarias. Ao comezo da súa carreira adoitaba albergar algunha fantasía inxenua sobre o éxito, como presentar un filme en Cannes. Esta era a nosa fantasía hai 25 anos.

No ano 1960, o teu avó Erik Løchen estivo en Cannes co seu filme *The Chasers*. Algunha vez falastes diso? Eu tiña nove anos cando el morreu polo que non lembro nada, pero miña nai si recorda que volveu agradecido porque sentía que non era recoñecido no seu país. O filme era unha obra da Nouvelle Vague feito en Noruega, nun intre en que a política cinematográfica norueguesa non podía apoiar un gran talento. Eu son fillo dun sistema de apoios polo que el loitou ao longo da súa vida: a idea de que o cinema artístico era o valor máis forte dos países nórdicos. Podemos facer filmes de acción e epopeas históricas pero é con Sjöström, Dreyer e Bergman con quen realmente acadamos recoñecemento.